

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PEDRO FLORIANI



IES PEDRO FLORIANI
(REDONDELA)

INDICE

1. DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA E ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO.....	5
1.a. Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.	5
1.b. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia ..	6
1.c. Estado das relacións e da participación na vida do centro.	7
1.d. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes	8
1.e. Efectividade das actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia.	10
2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	11
2.a. Obxectivos xerais	11
2.b. Obxectivos específicos	12
3. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS MEDIDAS E PROGRAMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	13
3.a. Actuacións xerais	13
3.b. Medidas preventivas e de sensibilización	14
3.c. Medidas organizativas	14
3.d. Medidas curriculares	14
3.e. Medidas de coordinación	15
4. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN PARA SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR	16
4.a. Prevención do acoso escolar	16
4.b. Detección do acoso escolar	18
4.c. Tratamento das situacións de acoso escolar	21
5. CONCRECIÓN, DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS ESTABLECIDOS NO PLAN PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.....	22
5.a. Actuacións xerais	22
5.b. Medidas preventivas e de sensibilización	23
5.c. Medidas organizativas	24
5.d. Medidas curriculares	25
5.e. Medidas de coordinación e colaboración	26
5.f. Programa de formación de alumnado mediador e actuación do equipo de mediación	27

5.g. Programa de actuación na aula de convivencia	27
5.h. Escola de nais e pais en materia de convivencia	28
5.i. Programa base de habilidades sociais e resolución de conflitos	28
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	30
6.a. Dereitos de deberes dos alumnados e das alumnas	30
6.b. Dereito a unha avaliación obxectiva	31
6.c. Dereitos e deberes do profesorado	32
6.d. Condición de autoridade pública do profesorado	33
6.e. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais	34
6.f. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos	35
7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, CO ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.....	36
8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO	45
8.a. Normas de funcionamento da comisión de convivencia	45
8.b. Composición da comisión de convivencia	46
8.c. Periodicidade das reunión da comisión de convivencia	47
9. A COORDINACIÓN E COLABORACIÓN DO CENTRO E O SEU CONTORNO	48
9.a. Coordinación e colaboración interna no centro	48
9.b. Coordinación e colaboración coas familias	48
9.c. Coordinación e colaboración cos centros adscritos	49
9.d. Coordinación e colaboración cos centros de secundaria da zona	49
9.e. Coordinación e colaboración con outros organismos ou asociacións	49
10. A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	50
10.a. Campaña de difusión a nivel de centro	50
10.b. Difusión a nivel de aula	50
10.c. Difusión do plan aos pais/nais ou titores legais	50
11. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	51
11.a. Seguimento do plan de convivencia	51
11.b. Avaliación do plan de convivencia	52
11.c. Propostas de mellora do plan de convivencia	54

ANEXOS	55
ANEXO I. INFORME DE CONVIVENCIA DO CURSO 2017-18	56
ANEXO II. PLANIFICACIÓN DO EQUIPO DE MEDIACIÓN DO CENTRO	57
ANEXO III. PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA	63
ANEXO III. 1. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	63
ANEXO III. 2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN	64
ANEXO III. 3. AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABAJO	65
ANEXO III. 4. COORDINACIÓN DO FUNCIONAMENTO DA AULA	66
ANEXO III. 5. COMUNICACIÓN AO XEFE DE ESTUDOS E/OU TITOR/A	67
ANEXO III. 6. COMUNICACIÓN Á FAMILIA.....	68
ANEXO III. 7. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO	69
ANEXO IV. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS DO CENTRO	70
ANEXO V. MODELO DE CONTRATO EDUCATIVO E DE CONVIVENCIA.	71

1. DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA E ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

O plan de convivencia do noso centro debe converterse nun documento de traballo práctico e realista, que debe contar coa delimitación dos obxectivos e contidos propios de convivencia, segundo a diversidade do noso alumnado e as características da nosa comunidade educativa. As normas de convivencia que se concretan no noso plan serán establecidas segundo a legislación educativa vixente, destacando a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No artigo 10, desta lei, fai referencia ao Plan de convivencia e as normas de convivencia. Ademais, do artigo 11, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar que establece no punto 1 que “O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante una educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica”. E no punto 5 deste decreto concreta que “A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son: a) O proxecto educativo do centro; b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada; c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial; d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado; e) A programación xeral anual”.

Por último, indicar que para o deseño e posta en marcha deste plan de convivencia hai que tomar como referencia ademais da normativa educativa vixente, o análise de necesidades no noso centro educativo e aquelas referencias bibliográficas e webgráficas que facilitan o seu deseño e a súa implementación.

1.a. Características do centro e do contorno que contextualizan a intervención educativa

O noso centro educativo ubicado en Redondela, conta cunha ampla diversidade de alumnado. A oferta educativa do noso centra inclúe as etapas da ESO, Bacharelato, Formación Profesional e ESA.

Na ESO hai dúas liñas por curso escolar, contado con programas específicos de atención a diversidade para esta etapa, tanto de apoio específico ás necesidades educativas, como programas de diversificación curricular, entre outras posibles medidas a aplicar ou adaptar segundo a normativa que vaia xurdindo en materia de atención á diversidade dentro dos principios de personalización e inclusión.

O alumnado que acada os estudos da ESO no noso centro pode acceder; ben a etapa de Bacharelato en dúas modalidades, Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias, ou ben a etapa de Formación Profesional de Ciclo Medio, noso centro conta con dúas familias profesionais: Xestión Administrativa e Instalacións de Telecomunicacións; Para o alumnado que non acada os obxectivos da etapa da ESO e non acadaría o Título

correspondente, teñen a oportunidade de cursar a Formación Profesional Básica en dúas especialidades: Servizos Administrativos e Electricidade e Electrónica; ou ir por Educación de Adultos se cumpren o requisito de idade; ou acceder ao mundo laboral.

Os alumnos que cursan a Bacharelato e acadan o título poden acceder no noso centro a Ciclos Formativos de grado Superior nas especialidad de Administración e Finanzas.

Ademáis desta completa oferta de carácter formativo, destacamos a peculiaridades de ter a maior oferta educativa de formación profesional da zona, sendo o noso IES o único centro público que oferta a ensinanza de Formación Profesional Básica, tendo matriculados nesta ensinanza estudantes procedentes, incluso, de Vigo.

Con esta gran diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un plan de convivencia que analise en profundidade as situacións de conflito, establezca pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de centro positivo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa

1.b. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia

O proxecto educativo do centro docente inclúe un plan de convivencia que recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia é elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.

Por outro lado, as normas de organización e funcionamento do centro docente inclúen as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas son públicas e os centros docentes deben facilitar o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa. En particular, as normas de convivencia de cada centro concretan os dereitos e os deberes do alumnado e establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento, no marco do disposto por este título e das disposicións regulamentarias que o desenvolvan.

O plan de convivencia inclúe un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorpora, como mínimo, as seguintes previsións: realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el; establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar; determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade; Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións. Tómase como

referencia o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, publicado pola CEOU en maio do 2013.

Destacar nos obxectivos xerais que se establecen no Decreto 8/2015 que se debe “facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe”. Entre as actuacións que contribúen á detección e a xestión da conflictividade inclúense: actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen; actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa; Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero; Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social; Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Por outro lado desenvolveranse, ademais, programas de desenvolvemento do autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivosexual e a igualdade entre homes e mulleres.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa. Organización de xornadas técnicas, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.

Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

1.c. Estado das relacións e da participación na vida do centro

As relacións e da participación na vida do centro considéranse positivas en todo momento. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

Por parte do profesorado, dende ás Comisións de Coordinación Pedagóxica (CCP) establécense as liñas de actuación para o deseño, posta en práctica, seguimento e avaliación do plan de convivencia. Dende o claustro de profesores/as infórmase do plan de convivencia cos medios e recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Nas reunións de departamentos, vanse concretando as actuacións, sendo o departamento de orientación un dos máis implicados nesta labor. Un aspecto importante a ter en conta é a diversidade de profesorado no noso centro. Cóntase con mestres de primaria nos dous primeiros cursos da ESO, profesorado de educación secundaria, profesorado de formación profesional.

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO, a maioría provén do medio rural de aldeas do Concello e contan co servizo de autobuses escolares para desprazarse ata Rendodela. Case a totalidade do alumnado procede dos centros adscritos, o CEIP de Porto Cabeiro e o CEIP de Reboreda. Tamén contamos con alumnado do CEIP Santa Mariña e do Colexio Vigo. O alumnado de Bacharelato provén do noso centro e incorporamos temos alumnos/as do IES Illa de San Simón e tamén do Colexio Vigo, CPI Manuel Padín Truiteiro e o CPI Curros Enríquez. Para o resto das ensinanzas, ademáis de seguir con noso alumnado, para cursar ciclos de formación profesional cóntase con alumnado de toda la zona de Redondela.

As familias do noso alumnado amosa un interese relativo pola formación dos seus fillos/as. Asisten de forma desigual ao centro educativo. No momento da redacción deste Plan de convivencia non hai constituída Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA).

O persoal de administración e servizos consta de persoal de conxerxería con dous membros, unha persoa como auxiliar administrativo e persoal de limpeza. Ademáis hai que contar co servizo de transporte, para actividades diarias ou extraescolares.

1.d. A conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece establece no Artigo 14 que “A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflitividade detectada neste. Recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos: a) características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa; b) aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia; c) estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno; d) conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes; e) actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.”

Das actuacións levadas a cabo no noso centro para resolución de conflitos destacan, sobre todo, a toma de decisión sobre:


- A reiteración de faltas leves relacionadas con retrasos ou ausencias ás clases sen xustificar.
- Non levar o material escolar necesario para o adecuado desenvolvemento das clases.
- As interrupcións de clases de xeito intencionado.
- Os desafíos á autoridade ante calquera actuación á corrixir.
- A negativa a corrixir de maneira expresa condutas leves.

No curso 2017-2018 a Dirección do centro valorou a necesidade de incidir na mellora da convivencia, coa prevención e intervención para a resolución de conflitos, así como na organización xeral do centro, para o cal impulsou a redacción das NOFC e a renovación dos impresos e formularios de uso no IES.

As actuacións levadas a cabo para a mellora da convivencia consideramos que resultaron positivas e as incidencias foron baixas nas etapas educativas de ESO, Bacharelato e Ciclos Medio e Superior. Non tanto así na FPB, onde se deron a maioría de incidencias e nas que houbo que intervir coa maioría de medidas correctivas tomadas.

VER ANEXO I. INFORME DE CONVIVENCIA DO CURSO 2017-18

Incidencias rexistradas no curso 2017-2018:



	Incidencias (partes)	Medidas correctivas	Expedientes
1er Trimestre	105	17	2
2do Trimestre	104	19	3
3er Trimestre	62	19	2

Os dous condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
Os 3 foron por acoso e seguiu un procedemento conciliado que finalizou con éxito
Un por reiteración de faltas leves e outro por acto de vandalismo contra as instalacións do centro e a honra de membros da comunidade educativa

Medidas correctivas tomadas

Ata dúas semanas sen actividades complementarias ou extraescolares

Ata 3 días lectivos sen poder asistir a determinadas clases (con traballos escolares)

Ata 3 días lectivos sen poder asistir ao centro (con traballos escolares)

Comparesencia inmediata ante xefe de estudos

Tarefas de mellora do desenvolvemento das actividades do centro en horario non lectivo

En casos de expedientes: Entre 4 días lectivos e un mes sen poder asistir ao centro

No actual curso, 2018-2019 valórase necesario continuar adaptándonos á nova realidade educativa, con aulas nas que aumenta o alumnado e preséntanse cada vez máis necesidades específicas de apoio educativo, e fundamentalmente á nova oferta educativa de Formación Profesional Básica con grupos de alumnado desmotivados, con dificultades de aprendizaxe e de adaptación ao contexto educativo, con distintos niveis de escolarización e incluso desescolarizado, que neste momento só teñen esta vía alternativa de formación educativa. De xeito gráfico obsérvase, nun resumo de incidencias, que o

alumnado de FP Básica precisa medidas específicas sobre normas de convivencia no centro.

Faise tamén especial fincapé nos casos onde se detectan posibles situacións de acoso escolar ou ciberacoso, procurando facer actuacións inmediatas coa proposta de mediacións e contratos de bo comportamento, buscando que non se agraven ditas situacións.

O centro conta cun aula de convivencia como espazo de reflexión para actuacións tanto inmediatas onde se busca correxir certas condutas ou con carácter preventivo na aplicación de medidas correctoras. Esta aula conta co profesorado de garda que debe asegurar o proceso formativo dos alumnos, tendo que vir sempre con traballos específicos da clase ou outros relacionados coa problemática a tratar.

O centro tamén presta especial atención a grupos de risco, con máis dificultades para adquisición de hábitos de aceptación das normas propias do noso centro. Sobre todo alumnado novo e alumnado da oferta educativa da FP Básica que presenta dificultades de adaptación ao contexto escolar, desmotivación e unha historia de fracaso escolar. Neste último caso, búscase traballar a súa autoestima y eliminar eses estigmas que os etiquetan, traballando ao máximo as súas potencialidades coa finalidade de que retomen o seu proceso formativo e o seu desenvolvemento integral.

1.e. Efectividade das actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia

O traballo realizado no centro educativo considerase efectivo pois conta coa implicación dun equipo docente comprometido nas actuacións relacionadas co ámbito da convivencia.

Dende a acción tutorial, cabe destacar o papel dos titores/as no centro que fan una labor impecable no cumprimento das normas de convivencia, atención personalizada do alumnado que presenta máis dificultades de adaptación en temas de convivencia, por presentar falta de habilidades sociais e estratexias de resolución de conflitos. Isto apoiase cun intercambio continuo de información sobre a evolución do alumnado co resto do profesorado e, sobre todo, coas familias. Cando non é suficiente contase con outros axentes externos como Servizos Sociais do Concello de Redondela.

O centro dispón dun aula de convivencia, no que se van rexistrando o alumnado que ten que traballar nela, onde se prioriza como espazo de reflexión para a resolución pacífica de conflitos. Aula que está supervisada con profesorado de garda en horario lectivo e co seguimento trimestral e avaliación da Comisión de Convivencia.

O equipo directivo, co asesoramento do Departamento de Orientación, supervisa os casos rexistrados con incidencias por condutas contrarias á convivencia e toma as medidas educativas e correctoras segundo corresponda. Neste caso, tamén, segundo as necesidades fanse outras reunións de coordinación para traballar a convivencia no centro.

O centro está en todo momento condicionado polo tipo de alumnado tan diverso co que se conta e que debe ser sempre atendido cos recursos necesarios, contando co apoio de todos os membros da comunidade educativa, dos axentes do contorno e da Administración educativa.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.a. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais do noso plan tomarán como referencia os principios e fins reflectidos na Lei 4/2011 e as necesidades diagnosticadas no noso centro e que se concretan nos que siguen:

- a) Garantizar un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar os recursos á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) Favorecer unha educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) Previr e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas educativas e correctoras eficaces.
- d) Recoñecer ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) Corresponsabilizar ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia no noso centro, como un dos principais deberes que lles en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Concienciar e sensibilizar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- h) Regular a consulta e participación directa das familias, e doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
- i) Favorecer a mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 12 establece os obxectivos xerais do plan de convivencia, que deben contribuír a:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a una convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

2.b. Obxectivos específicos

Partindo dos obxectivos xerais establécense outros específicos derivados da análise da normativa vixente e das necesidades previas do centro, organizados segundo os ámbitos de centro, o alumnado, o profesorado e as familias, e outros axentes externos.

A nivel de centro

- Revisar os documentos oficiais de centro e deixar constancia dos contidos específicos sobre convivencia.
- Adecuar a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro.
- Implicar a toda a comunidade educativa en materia de convivencia.
- Informar e comunicar de todos os protocolos necesarios para un bo clima de centro e a resolución de conflitos.
- Proporcionar unha formación permanente en temas relativos á convivencia.

A nivel de alumnado

- Detectar necesidades de carácter persoal que poden incidir na conduta
- Previr e desenvolver actuacións a nivel individual para a resolución de conflitos.
- Realizar intervencións a nivel grupal, dende as titorías para a resolución pacífica de conflitos.
- Formar e preparar ao alumnado para formar un equipo de mediación e axuda ao alumnado con máis necesidades de control condutual.

A nivel de familias

- Corresponsabilizar ás familias na labor para unha boa convivencia no centro.
- Colaborar con centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas de convivencia.
- Informar e aceptar as normas de convivencia do noso centro dende as vías disponibles.
- Contar cos canles de comunicación para tratar problemas de conduta no centro educativo, ter en conta a representación no Consello Escolar.

A nivel doutros axentes

- Implicar á administración educativa na toma de medidas a aplicar co apoio ao centro educativo.
- Contar coa colaboración doutras administracións: Familia, Traballo, Sanidade.
- Contar coa colaboración do Concello: Servizos Sociais.

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece no Artigo 15 “...as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes: 1. Actuacións **organizativas, curriculares** e de **coordinación**. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares; 2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a **formación** co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos; 3. Actuacións dirixidas á **prevención** de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá; 4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar...”

3.a. Actuacións xerais

As actuacións xerais que se levarán a cabo deseñaranse e desenvolveranse tanto a nivel de centro, como de aula e a nivel individual. Estarán dirixida a toda a comunidade educativa.

Actuacións a ter en conta a nivel de centro:

- ⇒ Implación de toda a comunidade educativa dende as distintas formas de representación: Claustro de profesorado, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Consello Escolar.
- ⇒ Eficiencia e eficacia da Comisión de Convivencia.
- ⇒ Revisión e actualización dos distintos documentos de centro, deixando reflectidos os contidos relativos á convivencia: Proxecto Educativo de Centro, Programacións Didácticas, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial e Normas de Organización e Funcionamento.
- ⇒ Formación permanente con grupos de traballo e seminarios sobre convivencia e participación da comunidade educativa. En concreto, **Grupo de Traballo de Aprendizaxe Cooperativa**, que se está a desenvolver perante este curso lectivo.

Actuacións a nivel titorial, grupo-clase:

- ⇒ Actividades específicas de coñecemento da importancia dun bo clima de convivencia no centro educativo nas distintas etapas e niveis educativos do noso centro educativo: campaña informativa dende a titoría, normas do centro, as NOFC, o aula de convivencia, a mediación, a convivencia como elemento específico de traballo no aula.
- ⇒ Transversalización nas distintas materias do currículo de contidos relativos á convivencia, coa búsqueda da adquisición de competencias sociais.
- ⇒ O equipo de mediación do centro con alumnado axudante: formación, posta en práctica, valoración das actuacións.

Actuacións a nivel individual (dirixido ao alumnado, ao profesorado e as familias):

- ⇒ Análise de necesidades individuais para a resolución pacífica de conflitos.
- ⇒ Prevención e intervención sobre alumnado con problemas de conduta.
- ⇒ Pautas de actuación específicas con alumnos acosadores, vítimas e testigos

3.b. Medidas preventivas e de sensibilización

As actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, inclúe a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

Ademáis, aínda que se tratarán nun capítulo aparte, estableceranse os protocolos para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- A Administración Educativa promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- A colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

Poranse, tamén, en marcha actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero; e actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

3.c. Medidas organizativas

Neste caso, deben considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula. As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento deste plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.

O Decreto 8/2015 no artigo 18 sobre as “normas de organización e funcionamento” establece que:

1. As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
2. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
3. Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

3.d. Medidas curriculares

A coordinación das actuacións docentes centrarase na programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

Neste caso, farase fincapé na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Unha competencia contribúe a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros componentes de tipo social e de comportamento.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola transversalización de contidos favorecendo unha visión interdisciplinar dos mesmos. Das competencias claves do currículo nos centraremos sobre todo en competencias sociais e cívicas, e competencias de aprender a aprender.

Os elementos transversais a traballar nas distintas materias relacionados coa convivencia son:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A prevención da violencia de xénero ou contras persoas con discapacidades.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade e non discriminación de calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A educación en valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, os dereitos humanos, o respecto, o rexeitamento de todo tipo de violencia, entre outros.
- A educación para a convivencia, ademáis do indicado, abarcará outros ámbitos como a educación ambiental, a educación sexual, a educación vial, o uso adecuado das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

3.e. Medidas de coordinación

O artigo 9 do Decreto 8/2015 fai referencia aos órganos de coordinación docente. Estes órganos, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. En todo caso, serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

O claustro do profesorado colaborará na posta en marcha do plan de convivencia, tendo a súa disposición toda a información relativa a implementación do plan de convivencia, co apoio do equipo directivo e o asesoramento do departamento de orientación.

A comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A aula de convivencia será un lugar de referencia para establecer medias de coordinación específicas para a resolución pacífica de conflitos. A aula terá en conta os seguintes aspectos: os criterios pedagóxicos para correcta atención do alumnado neste espazo; haberá profesorado de garda en todos os periodos lectivos; deixarase rexistrado ao alumnado obxecto de intervención este lugar e coa indicación do tipo de tarefas a realizar; comunicarse á dirección do centro, aos titores e as familias destetipo de intervencións.

4. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN PARA SITUACIÓNS DE ACOSOS ESCOLAR

No Artigo 15.4. do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece establece que o Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurárase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edita en maio de 2013 un Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e o Ciberacoso. Este documento facilita as actuacións a levar a cabo nos casos que poidan xurdir de acoso escolar ou ciberacoso no centro educativo.

4.a. Prevención do acoso escolar

A posta en marcha de medidas para a prevención de situacións de violencia escolar nos centros educativos deberá partir dun diagnóstico da situación da convivencia escolar no centros para establecer actuacións dirixidas a unha prevención máis adecuada.

Estas estratexias de prevención incluíranse no marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro. A prevención debería formularse dende varios niveis:

- Prevención inespecífica, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro.
- De atención específica, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.
- De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos.
- Todas as medidas preventivas deben:
- Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
- Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan.
- Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación.
- Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

<p>Estratexias organizativas e de prevención no CENTRO (contribúen á mellora do clima xeral do centro)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións. • Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro. • Dirección que favoreza a participación e comunicación dos problemas. • Solicitar o apoio e o asesoramento do departamento de orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso. • Reunións segundo as necesidades do alumnado cos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia. • Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos. • Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das normas de organización funcionamento. • Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes. • Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais. • Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión. • Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá. • Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro. • Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención. • Protocolos de información ante unha situación de acoso. • Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: CORREO ELECTRÓNICO DE SOLICITUDE DE AXUDA ANTE O ACOSO E CIBERACOSO. • Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas... • Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal. • Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais... • Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva. • Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos. • Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso.
<p>Estratexias de prevención na AULA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas. • Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a: - relacións no grupo, - fomento da amizade, - tarefas colaborativas, - sensibilización fronte ao maltrato, - conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes, - análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos. • Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes

	<p>contextos: - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto. - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración. - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións. – Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo... - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar. • Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración. • Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos. • Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos: - Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste. - Crear una conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.
--	---

O realmente apropiado é establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar, como a posta en marcha dun tempo e dun lugar para levar a cabo esta dinámica de convivencia entre o profesorado. Este tempo estaría asociado a momentos de formación no propio centro e un espazo para tratar de entender e atallar os problemas de disciplina, conflitos, malas relacións, abusos entre iguais... un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

4.b. Detección do acoso escolar

O procedo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establece uns criterios claros para a súa detección. Nas dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula é importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Son moitas as investigacións e os autores que fan referencia ao acoso escolar, tamén denominado maltrato entre iguais ou bullying. No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo:

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima:

1. INTENCIÓN de facer dano	Debe existir unha vítima concreta, indefensa e una persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
2. REPETICIÓN das condutas agresivas	A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. É un tipo de violencia difícil de identificar, case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
3. Duración no TEMPO	Presenza de desigualdade de poder entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación e, por último, situacións de illamento. De xeito esquemático considéranse os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):

EXCLUSIÓN E MARXINACIÓN SOCIAL	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
AGRESIÓN VERBAL	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
AGRESIÓN FÍSICA	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar cousas Romper cousas Roubar cousas
MALTRATO MIXTO	Ameazas/Chantaxe	Ameazar para meter medo Ameazar con armas Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe)
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

As manifestacións do acoso poden ser múltiples, destacando as seguintes:

Coas tecnoloxías da información e comunicación (TICs)	Teléfono móvil (chamadas anónimas, mensaxes) Redes sociais (ciberacoso)
No centro educativo	Durante o recreo e nos patios; nos baños, nos corredores
Na aula	Cando o/a profesor/a mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase
No comedor	Cando non hai supervisión
No transporte escolar	Cando falta supervisión
Nas entradas o saídas do centro	Cando falta supervisión, con persoas alleas ao centro
No exterior do centro	Cando van para casa, na rúa, con persoas alleas ao centro

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade...

Por último indicar que a posibilidade da existencia de acoso escolar manifestase no cambio de conduta da persoa que o está a sufrir, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no centro educativo como na familia.

No protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso amósanse unha serie de posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación (páxinas 8 e 9) atendendo ás relación sociais, estados de ánimo e comportamentos ou tarefas escolares.

Neste protocolo tamén se indica que as consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- **Para a vítima:** pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
 - **Para a persoa ou persoas agresoras:** pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado. O acoso entre escolares é utilizado polos agresores como unha forma de demostrar o seu poder, utilízano sempre con persoas que saben que non se van defender.
 - **Para os/as compañeiros/as observadores/as:** pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.
- Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

1. **Intervir ao primeiro sinal**, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
2. **A amizade e a integración como prevención:** o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
3. **Os tres papeis que hai que previr**, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

4.c. Tratamento das situacións de acoso escolar

Seguindo co mesmo protocolo de actuación, onde se deixan establecidas as fases de intervención e os documentos que o centro educativo pode utilizar para o rexistro de todo o proceso, é moi interesante o esquema que presenta no anexo 0: Protocolo xeral ante o acoso escolar.

<p>1ª FASE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ COÑECEMENTO DA SITUACIÓN ✓ IDENTIFICACIÓN ✓ COMUNICACIÓN 	<ul style="list-style-type: none"> • Primeira comunicación n ao equipo directivo • Adopción das primeiras decisións 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Medidas urxentes de protección da prexunta vítima. ➤ Responsable de atención e apoio da presunta vítima ➤ Responsable da tramitación do instructor/a ➤ Primeira comunicación ás familias dos implicados ➤ Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos
<p>2ª FASE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ RECOLLIDA DE INFORMACIÓN 	<ul style="list-style-type: none"> • Entrevistas individuais • Outras recollidas de información • Asesoramento e/ou apoio técnico 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Entrevistas á presunta vítima, a presunta acusadora, aos observadores/espectadores, as familias dos implicados. ➤ Observación, información documental... ➤ Asesoramento do departamento de orientación ➤ Apoio doutros profesionais educativos e/ou axentes externos
<p>3ª FASE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ ANÁLISE DA INFORMACIÓN 	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar si é ou non acoso escolar • Pautas no caso de non ser acoso escolar • Pautas no caso de ser acoso escolar • Comunicación á Inspección educativa 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Establecer estratexias de prevención no centro e na aula ➤ Instruir o expediente disciplinario, resolver e adoptar medidas de protección á vítima e á persoa acosadora. ➤ Estabelcer medidas dixirixidas ao alumnado do grupo-clase, as familias e o equipo docente. ➤ Establecer medidas reeducadoras e correctoras á persoa acosadora.
<p>4ª FASE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ SEGUIMENTO ✓ AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS 	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións • Observacións • Entrevistas 	

Por último, tomaranse como referencia os anexos cos distintos protocolos establecidos para cada unha das fases. Estes modelos iránse adaptando segundo xurdan as necesidades de intervención en casos de acoso e ciberacoso, buscando sempre facer antes prevención.

5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS, ESTABLECIDOS NO PLAN PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN

5.a. Actuacións xerais

O plan de convivencia precisa establecer as concreción das actuacións, das medidas e dos programas, especificando as actividades que vai a desenvolver, indicando cales son os recursos, as persoas, a quen van dirixidos e como imos a proceder cunha metodoloxía activa e participativa. Partimos de actuacións xerais que logo se irán concretando en outras actuacións, medidas ou programas máis específicos.

ACTUACIÓNS XERAIS	CONCRECIÓNS	PROCEDEMENTOS
A función titorial	Autoestima e autoconcepto Habilidades sociais Resolución pacífica de conflitos Axuda entre iguais Mediación entre iguais	Asambleas e reunións Dinámicas de grupo Cuestionarios e debates Regulamento das normas de aula Traballo específico con alumnado con problemas de conduta
A integración de contidos curriculares e transversalización	En materias específicas como educación para a cidadanía, ética, ciencias sociais En todas as materias como dinámica de centro no respecto ás normas de convivencia	Contidos transversais sobre igualdade de xénero, prevención da violencia, educación en valores...
Programas e accións específicos	Formación de alumnado mediador e axudante Prevención de drogodependencias e adquisición de habilidades sociais Plan director: acoso escolar e ciberacoso.	A nivel interno, departamentos de orientación e FOL
Obradoiros de apoio persoal	Educación emocional Habilidades sociais Resolución de conflitos	Na aula de convivencia Dende o departamento de orientación Con axentes externos

5.b. Medidas Preventivas e de sensibilización

MEDIDAS	DESTINATARIOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	PROCEDEMENTOS
Coordinación cos centros escolares de procedencia do alumnado	Todo o alumnado, profesorado e familias	Reunións de coordinación Xornadas de portas abertas Traslado de documentos sobre normas de convivencia Charlas informativas	Dirección Titores/as Profesorado Orientadora PT	No primeiro trimestre revisión de datos No segundo trimestre charlas e xornadas informativas No terceiro trimestre recollida e traspaso de información Durante todo o curso pode ser preciso a coordinación cos centros
Plan de acollida do alumnado	Todo o alumnado Alumnado de incorporación tardía no sistema educativo Alumnado extranxeiro Sobre todo da ESO e FP Básica	Recibimento do alumnado de primaria e as familias que van vir no terceiro trimestre Recibimento no comezo do curso escolar, presentación, organización e funcionamento do centro. Durante todo o curso escolar, coa colaboración do departamento de orientación.	Dirección Titores/as Profesorado Orientadora PT	Xornadas de portas abertas Información sobre a organización e funcionamento do centro Visita ao centro Criterios de formación de grupos na ESO Criterios de asignación de profesorado e titores/as.
Avaliación inicial do alumnado	Na ESO	Reunión no primeiro trimestre	Dirección Titores/as Profesorado Orientadora PT	Revisión da documentación do alumnado Probas de nivel e autoconhecimento Reunión de avaliación
Reunión do pais/nais	Na ESO	No primeiro trimestre, durante todo o curso reunións de grupos, e a nivel individual	Dirección Titores/as Orientador/a PT	
O plan de convivencia e o plan de acción tutorial	Todas as etapas, priorizando a ESO e a FP Básica	Sobre todo no primeiro trimestre e o resto do curso	Dirección Todo o profesorado	Folleto informativo Información vía dixital Información nas distintas reunións
Datas conmemorativas relacionadas co tema da convivencia	Todas as etapas, priorizando ESO e FPB	25 de Novembro: Día da non violencia de Xénero 30 de Xaneiro: Día da Paz 8 de Marzo: Día da muller traballadora	Todo o profesorado	Mural de Unidades de convivencia

5.c. Medidas organizativas

MEDIDAS	DESTINATARIOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	PROCEDEMENTOS
Plan de acollida cos centros adscritos	CEIP Reboreda e CEIP Porto Cabeiro.	Charla informativa Reunións Xornadas portas abertas	Dirección Orientación Titores/as PT	Recollida de información por parte do Departamento de Orientación para a atención á diversidade Charlas informativas pola dirección nos centros Xornadas de portas aberta Reunión cos pais/nais
Plan de acollida con centros non adscritos	Do entorno, de Educación Primaria, da ESO, de Bacharelato	Reunión equipo docente e departamento de orientación Xornadas portas abertas Recepción do alumnado ao principio de curso	Dirección Orientación Titores/as PT	Charlas informativas pola dirección nos centros Xornadas de portas aberta
Formación de grupos	ESO	Reunión de profesorado coa dirección do centro Establecer criterios de formación de grupos	Dirección Departamento de Orientación Titores/as	Ao comenzo do curso, con alumnado repetidor, de NEE, outros Durante o curso con alumando de incorporación tardía
Asignación de docencia e titoría	Sobre todo ESO e FP Básica	Reunión co profesorado Establecer criterios de asignacións segundo as características do alumnado, sobre todo na FP Básica	Dirección Departamento de Orientación Profesorado	Ao comenzo de curso
Organización da atención á diversidade	ESO	Dossier informativo Reunións	Dirección Departamento de Orientación Profesorado	Ao comenzo de curso Durante todo o curso segundo vaian xurdindo ás necesidades, con reunión e xuntas de avaliación.
Aula de convivencia	TODOS	Dossier informativo Registro de incidencias Recursos para o aula Profesorado de garda	Dirección Departamento de Orientación Profesorado	Durante todo o curso se rexistrarán os casos que precisen ser atendidos nesta aula. Levar tarefa ou preparar para os periodos nesta aula Traballar a resolución de conflitos de xeito concreto segundo as necesidades Facer un seguimento

5.d. Medidas curriculares

As competencias básicas toman como referente o desenvolvemento integral do alumnado traballando dende as distintas materias os contidos específicos de cada especialidade, o mesmo que transversalizando contidos de tipo actitudinais, onde cabe destacar os relativos as normas de convivencia. As medidas curriculares estarán establecidas nas distintas programacións didácticas tomando como referencia no noso proxecto educativo de centro e as concrecións anuais das programacións xerais anuais.

MEDIDAS	DESTINATARIOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	PROCEDEMENTOS
Educación para la ciudadanía	ESO	Dereitos e deberes fundamentais Prevención de todo tipo de violencia Non discriminación	Profesor/a	Dinámicas de grupo Documentais e videoforum Debates
Educación ética	ESO	Dereitos e deberes fundamentais Prevención de todo tipo de violencia Non discriminación Atención á diversidade	Profesor/a	Dinámicas de grupo Documentais e videoforum Deabates
Ciencias sociais, xeografía e historia	ESO BACHARELATO	Dereitos e deberes fundamentais Prevención de todo tipo de violencia Non ás guerras e resolución pacífica de conflitos Non discriminación Atención á diversidade	Profesor/a	Dinámicas de grupo Documentais e videoforum Deabates
Educación física	ESO BACHARELATO	Respecto das normas e disciplina no deporte Cooperación fronte a competición	Profesor/a Axentes externos	Normas de convivencia no deporte O deporte non só na clase, disciplina a outros contextos O deporte como actividade de ocio no centro
Formación e Orientación Laboral	FP	Traballo en equipo Resolución de conflitos	Profesor/a	Dinámicas de grupo Debates
Resto das materias	TODAS AS ETAPAS	Normas básica de convivencia nas clases	Titor/a Profesor/a	Mural informativo Normas de clase dende a titoría Normas en todas as clases

5.e. Medidas de coordinación e colaboración

Medidas de coordinación e colaboración entre os distintos membros da comunidade educativa.

MEDIDAS	DESTINATARIOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	PROCEDEMENTOS
Coordinación e traballo en equipo do profesorado	Todo o profesorado	CCP Claustro Reunións Departamentos Reunión titores Xuntas de avaliación Reunións para necesidades concretas	Dirección Profesorado Notificación por escrito nas sala de profesorado ou dixital aos correos Preparación de dossiers informativos, materiais específicos	Convocatoria de reunión vía correo Preparación das reunión Debate e toma de decisión Levantar acta dos acordos Facer seguimento
A comisión de convivencia	Membros da comisión	Reunións de coordinación trimestrais Reunións segundo ás necesidades do centro durante todo o curso	Dirección Membros da comisión, Representando ao Consello Escolar	Convocatorias de reunión Preparación das reunión Debate e toma de decisión Levantar acta dos acordos Facer seguimento
Colaboración coas familias	Todas as familias sobre todo da ESO e FP Básica	Reunións Comunicacións Notificacións Formación	Dirección Titores/as Departamento de orientación Equipos docentes	Ao comenzar o curso, presentación Horas de atención a pais/nais Durante todo o curso notificación e comunicación
Axentes socioeducativos do entorno	Sobre todo para a ESO e FP Básica	Reunións Intercambio de información	Todos Servicios Sociais Servicios de saúde Servicios de seguridade Asociacións sin ánimo de lucro	Coordinación e organización de actividades específicas durante todo o curso Tratamento de casos individuais durante todo o curso

5.f. Programa de formación de alumnado mediador e actuación do equipo de mediación

O Decreto 8/2015, regula no artigo 26 o relativo á mediación escolar.

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.
2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.
3. O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.
4. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

VER ANEXO II. PLANIFICACIÓN DO EQUIPO DE MEDIACIÓN DO CENTRO.

5.g. Programa de actuación na aula de convivencia

Na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, no punto 2 fai referencia ás aulas de atención educativa e convivencia.

O plan da actuación na aula de convivencia do noso centro, como espazo de reflexión onde o alumno/a que teña dificultades de comportamento teña un espazo e tempo para traballar non só contidos das materias dos que sea suspendido temporalmente, senón tamén sobre como adquirir estratexias para resolver conflitos, mediante a descrición dos feitos para o seu análise, negociacións, mediacións, contratos de bo comportamento, segundo os casos.

O Decreto 8/2015 no artigo 25 regula todo o relativo ás aulas de convivencia inclusiva, indicando que: A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.

Na aula de convivencia incluíranse os seguintes aspectos:

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

- c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

VER ANEXO III. PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA

5.h) Escola de nais e pais formados en materia de convivencia

O artigo 27 do Decreto 8/2015 fai referencia á escola de nais e pais. Neste caso sinala os seguintes aspectos:

1. Cando así se determine no plan de convivencia de cada centro e cos requisitos que se establezan naquel documento, poderán crearse as escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.
2. As nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:
 - a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
 - b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
 - c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
 - d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

5.i) Programa base de habilidades sociais e resolución de conflitos

Na Lei 4/2011 establece que as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia apenas se modifican con respecto ao elenco actual, xa que a experiencia da súa aplicación práctica demostra que esa configuración é esencialmente acertada e operativa.

Inclúe tres novidades neste terreo:

- A previsión, como complemento das devanditas medidas, da elaboración e do desenvolvemento polo departamento de orientación de cada centro docente de programas de habilidades sociais dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente, e tamén a aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- O establecemento de criterios específicos de graduación das medidas, que inclúen o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o

cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos, a existencia de intencionalidade ou reiteración, a difusión por calquera medio da conduta, a natureza dos prexuízos causados e o carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se esta se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

- Para rematar, fíxanse prazos de prescrición claros que superan a regra actual de que as medidas correctoras prescriben á finalización do curso escolar.
- No artigo 19 desta Lei que concreta o relativo aos programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras fai referencia a que:
 1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
 2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
 3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Na mesma liña, o Decreto 8/2015 tamén establece no artigo 24 as medidas complementarias para a mellora da convivencia. Entre estas medidas fai referencia a que o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente e implicará a: o departamento de orientación, o profesorado titor, o resto do profesorado, as familias e os servizos sociais (cando se considere necesario). Poderán desenvolverse, ademais, outros programas específicos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co: autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

Para o desenvolvemento deste programas poderase contar coa intervención de axentes socioeducativos externos especializados.

Respeto a esta programación, tendo en conta o marco teórico e normativo vixente, establécense propostas que poderán ir variando segundo as necesidades que se vaian presentando e atendendo a éstas ofrecerase a respostas máis axeitada.

VER ANEXO IV. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS DO CENTRO

VER ANEXO V. MODELO DE CONTRATO EDUCATIVO E DE CONVIVENCIA

6. AS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

6.a. Dereitos de deberes dos alumnados e das alumnas

Dereitos

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos pola mesma.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
- f) A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
- g) A ser oídos/as e a manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten.
- h) A recibir orientación educativa e profesional.
- i) Dereito a recibir as axudas e apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

Deberes

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
- b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Custodiar responsablemente os seus obxectos persoais, en especial os de certo valor económico.
- f) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- g) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
- h) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- i) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- l) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- m) Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades.

6.b. Dereito a unha avaliación obxectiva

1. Coa fin de garantir o dereito que asiste ao alumnado a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, faranse públicos os criterios xerais sobre a avaliación das aprendizaxes e promoción do alumnado que se aplicarán no centro.
2. Ao comezo do curso escolar o/a Xefe/a de cada departamento didáctico elaborará a información relativa á programación didáctica que dará a coñecera ao alumnado a través do profesorado das distintas áreas e materias asignadas ao departamento. Esta información incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do ciclo ou curso respectivo para a súa área e materia, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación así como os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.
3. Durante o curso escolar, o profesorado e, en última instancia, os/as Xefes/as de departamento como coordinadores das actividades docentes dos mesmos, facilitarán aquelas aclaracións que, sobre o establecido nas programacións didácticas, poidan ser solicitadas polo alumnado ou os seus pais, nais ou titores/as legais.
4. O profesorado facilitará ao alumnado e, de seren menores de idade, aos seus pais/nais/titores/as legais as informacións que se deriven dos instrumentos de avaliación utilizados para realizar as valoracións do proceso de aprendizaxe. Cando a valoración se basee en probas, exercicios ou traballos escritos, o alumnado terá acceso a estes, revisándoos co/coa profesor/a.

6.c. Dereitos e deberes do profesorado

Dereitos

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades complementarias e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
- h) A que se respecte a súa liberdade de cátedra, consonte ao establecido na Constitución (artigo 20, apartado C).

Deberes

Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as

obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

i) Contribuír, coa súa actividade educativa, a perseguir os seguintes fins: a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado. b) A formación no respecto polos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. c) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. d) A capacidade para o exercicio de actividades profesionais. e) A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España. f) A preparación para participar activamente na vida social e cultural. g) A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

6.d. Condición de autoridade pública do profesorado

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

4. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

6.e. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais

Dereitos:

As nais e pais ou as titoras/as, en relación coa educación dos seus fillos/as ou pupilos/as, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro.
- c) A recibir información e das principais actividades e incidencias/faltas dos seus fillos/as.
- d) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
- e) A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- f) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes:

Os pais e nais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) Garantir a asistencia dos seus fillos/as ao centro nas condicións que favorezan a convivencia e a aprendizaxe.
- f) Xustificar por escrito aos titores as faltas de puntualidade e de asistencia dos seus fillos/as.
- g) Proporcionar os recursos necesarios para o desenvolvemento do proceso de formación e de aprendizaxe: libros, material escolar entre outros.
- h) Colaborar e velar para que os alumnos/as acudan ao centro debidamente aseados e correctamente vestidos en todo momento e segundo a actividade e as circunstancias.
- i) Acudir ao centro cando sexan requeridos.
- l) Responder polos danos que os alumnos/as dos que sexan responsables realicen no centro, así como das lesións persoais que ocasionen a calquera membro da comunidade educativa.
- m) Informar con dilixencia de calquera cambio nas circunstancias familiares ou persoais do alumno/a que poida influír na súa evolución académica.
- n) Informar de calquera cambio nos datos persoais que poida supoñer unha dificultade á hora de establecer contacto coa familia: números de teléfonos, domicilio.

6.f. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

Dereitos

Ao persoal de administración e de servizos, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos pola mesma

Deberes

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, CO ESTABLECIMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

(Aprobadas en Consello Escolar, o 30 de xuño de 2017)

1. Do respecto mutuo

O ambiente de convivencia nos centro educativo ten que estar baseado no respecto mutuo. Para dar cumprimento aos fins da educación e permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que o IES Pedro Floriani pon á disposición do alumnado, é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa -nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado-, así como da propia Administración educativa.

2. Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, ou polo IES Pedro Floriani.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
2. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

3. Dereitos e deberes das familias

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
 4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 5. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:
 1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 2. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 4. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

4. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 de convivencia escolar.
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son **deberes** do profesorado:

1. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

5. Dereitos e deberes do persoal non docente

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa ou polo IES Pedro Floriani, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 de Convivencia escolar.
2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6. Das condutas contrarias ás normas de convivencia e da súa corrección.

Clases de condutas contrarias á convivencia

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

b) Condutas leves contrarias á convivencia.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

1. Condutas leves contrarias á convivencia. Faltas que alteran o normal desenvolvemento das actividades: Consideraranse faltas que alteran o normal desenvolvemento das actividades ou vulneran as normas do centro as seguintes:
 1. A falta de respecto ás persoas.
 2. As faltas de puntualidade.
 3. As faltas de asistencia non xustificadas.
 4. As alteracións do ambiente que dificulten o desenvolvemento das clases, dentro ou fóra da aula, incluídas as distraccións e desatencións.
 5. Fumar en calquera dependencia do instituto.
 6. Uso dos teléfonos móbiles no recinto escolar, agás uso didáctico supervisado polo profesor/a.
 7. Deterioro leve dos mobles, materiais ou instalacións, voluntarios ou por negligencia.
 8. A alteración leve da estética do instituto incluídas as pintadas, pegado de carteis, etc... fóra dos lugares destinados a tal fin.
 9. A permanencia inxustificada de alumnos nos servizos de alumnas e viceversa.

10. A non asistencia grupal ás clases sen causa xustificada ou non seguindo o procedemento disposto na Lei.
11. O abandono inxustificado da aula durante as horas lectivas.
12. Asistir ás clases sen o material necesario ou non realizar na clase as tarefas, exercicios e actividades que o profesorado propoña.
13. Abandonar seu posto na aula reiteradamente sen permiso.
14. Xogar a xogos de azar.
15. Consumir sen autorización na zona de aulas, ximnasio, biblioteca, salón de actos, talleres e laboratorios, alimentos e bebidas.
16. A visita de páxinas non autorizadas en Internet.
17. Circular polos corredores durante o desenvolvemento das clases e baixar á cafetería durante os cambios de clase.
18. Permanencia en corredores e aulas en momentos non adecuados (recreos, fóra de horario lectivo).
19. Acceso sen autorizacións aos departamentos, salas de visitas, aula convivencia, despachos de dirección.
20. Acceder á sala de profesores.
21. Cuspir e tirar cousas ao chan.
22. Introducir persoas alleas ao centro.
23. Saltar o peche do recinto tanto para entrar como para saír.
24. Non cumprir coas normas básicas de convivencia e respecto que obrigan a acatar a disciplina interna do centro.

2. Corrección das condutas leves.

1. Medidas correctoras.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

3. Competencia sancionadora das condutas leves.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas a), b) e c) do apartado 4.2.1 Medidas correctoras.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas correctoras a), b), c) e d) do apartado 4.2.1 Medidas correctoras.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas a), c), d), e) e f) do apartado 4.2.1 Medidas correctoras.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas g) e h) do apartado 6.2.1 Medidas correctoras.

A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

4. Revisión e execución das medidas sancionadoras de condutas leves.

1. 1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia g) e h) do apartado 6.2.1 Medidas correctoras, ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o apartado 6.2.1 Medidas Correctoras, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva, ao abeiro do artigo 45 do decreto de Convivencia.

7. Condutas graves contrarias á convivencia. Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
 5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
 6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
 7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
 8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
 9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
 10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
 11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
 12. O incumprimento das sancións impostas.
2. Corrección das condutas graves.
1. Sancións.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

3. Competencia sancionadora das condutas graves.

1. A dirección do IES Pedro Floriani, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no apartado 7.2.1.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.
3. Procedemento sancionador común. As faltas de conduta graves serán corrixidas mediante o procedemento sancionador común, agás os casos de acoso escolar.

Todos os aspectos administrativos do procedemento sancionador común encóntanse no sitio web <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> . Máis en concreto en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_orientacions_v.2.pdf é onde debemos consultar as cuestións administrativas asociadas.

4. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso.

No caso de que calquera membro da comunidade educativa detecte un posible caso de acoso, deberá poñelo en coñecemento da Dirección do IES Pedro Floriani que procederá a poñer en marcha o protocolo de acoso escolar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Debemos consultalo na seguinte ligazón: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf

8. Gradación das medidas correctoras.

As medias correctoras, tanto das faltas leves como das graves, deben graduarse en función dos seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

9. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula de convivencia inclusiva responde a un modelo de educación inclusiva, pretende ser unha medida alternativa á expulsión e que ten como obxectivos prioritarios contribuír a:

- Reflexionar sobre a propia conduta.
- Responsabilizarse das propias accións.
- Desenvolver actitudes de cooperación, solidariedade e respecto.

Todos os aspectos referentes á aula de convivencia inclusiva está recollida nesta [ligazón](#).

8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O artigo 6.1 do Decreto 8/2015 sobre a comisión de convivencia, di que ésta “constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro”.

O artigo 8 deste mesmo decreto fai referencia ás función do equipo directivo respecto do plan de convivencia e a comisión de convivencia.

1. “Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións: a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída...
2. En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.
3. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.”

8.a. Normas de funcionamento da comisión de convivencia

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Atendendo a estas funcións concréntanse as seguintes normas de funcionamento para a comisión de convivencia:

	NORMAS	DESTINATARIOS
O plan de convivencia	Deseñar, implementar, facer seguimento e avaliación do plan de convivencia	Os membros de toda a comunidade educativa
Medidas preventivas	Incluir no plan de convivencia medidas preventivas e de sensibilización	Toda a Comunidade Educativa
Actuacións específicas sobre igualdade e resolución pacífica de conflitos	Incluir no plan de convivencia as actuacións xerais e específicas sobre igualdade e resolución conflitos	Toda a Comunidade Educativa
O equipo de mediación	Incluir no plan de convivencia, a preparación, a formación e o seguimento do equipo de mediación	Entre iguais, priorizando as actuacións no alumnado.
Medidas de mellora da convivencia	Incluir no plan de convivencia como propostas de mellora establecendo indicadores e tendo en conta os obxectivos específicos	A concretar pola comisión de convivencia a partir do seguimento e avaliación do plan de convivencia

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

8.b. Composición da comisión de convivencia

O consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá entre elas a de “elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015”.

Este artigo 6.2 di que “A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano

equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente”.

8.c. Periodicidade das reunión da comisión de convivencia

O artigo 6.3. do Decreto 8/2015, fai referencia a que “o réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros”.

PERIODOS	TIPO DE REUNIÓN	PROCEDEMENTOS
1º Trimestre	Reunión Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • A convoca o/a director/a • Se asigna secretario/a entre os seus membros • Levántase acta
2º Trimestre	Reunión Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • A convoca o/a director/a • O secretario/a levanta acta
3º Trimestre	Reunión Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • A convoca o director/a • O/a secretario/a levanta acta
En calquera momento do curso escolar	Reunión Extraordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • A proposta polo director/a • A proposta por unha terceira parte da comisión • A convoca o director/a • O/a secretario/a levanta acta do tratado

9. A COORDINACIÓN E COLABORACIÓN DO CENTRO E O SEU CONTORNO

9.a. Coordinación e colaboración interna no centro

Entre os distintos membros do centro é necesaria unha coordinación e colaboración permanente, sobre todo para a resolución de conflitos buscando un ambiente positivo no centro e de tolerancia cero ante calquera acto de violencia.

O equipo directivo debe favorecer un bo clima de centro, facendo prevención, pero tamén intervindo e resolvendo aquelas problemáticas que poden condicionar a convivencia, que poden vir dendo os distintos sectores de poboación (profesorado, alumnado, familias, persoal de administración en servizos). Os mecanismos de coordinación estableceránselle dende os procedementos habituais: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de profesorado e Consello Escolar. Ademais de aquelas reunións que sexa preciso levar a cabo partido da iniciativa propia dirección do centro ou por demanda dos membros da comunidade educativa. Cada membro do equipo directivo debe favorecer a convivencia no centro educativo, a dirección, a vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría, cada un dentro do seu ámbito de competencias, sendo sempre a última responsable a dirección.

Os distintos departamentos didácticos, baixo a coordinación dun xefe de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, deixando reflexando nas súas programacións didácticas un apartado relativo a convivencia ou a forma de integrar contidos de xeito transversal. Dende as CCP, os xefes de departamento establecerán as liñas de actuación a seguir no plan de convivencia.

O departamento de orientación debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente en materia de convivencia.

O claustro de profesorado estará implicado e participará en todas aquelas actividades de convivencia que se consideren oportunas, a nivel complementario e extraescolar, buscando un ambiente de colaboración que influirá positivamente, sobre todo no alumnado e nas familias.

9.b. Coordinación e colaboración coas familias

O centro establecerá mecanismos de coordinación formais coas familias na representación do Consello Escolar.

Por outro lado, o ideal sería que se implicase a Asociación de Nais e Pais de alumnado (ANPA) para que colaborasen no bo clima de centro. O centro tería que levar a cabo actuacións de formación coas familias dende dita asociación para tratar aqueles temas que poden ser de preocupación para éstas, como no caso do acoso escolar ou ciberacoso. No noso caso, non temos ANPA no centro dende o curso 2016/17.

Dende o comenzo de cada curso, estableceránselle reunións coas familias dos alumnos e alumnas, en especial co alumnado novo, sobre todo na ESO, para informar sobre a organización e funcionamento do centro. Ademais destas reunións se lles comunicará as vías de coordinación e colaboración do centro, valoradas sempre como moi necesarias, coas horas de atención ás familias do profesorado, un espazo de atención as familias e posibilidade de derivar calquera actuación hacia o departamento de orientación coa coordinación dos titores e titoras.

9.c. Coordinación e colaboración cos centros adscritos

- Durante todo o curso escolar haberá coordinación e colaboración cos centros adscritos, o CEIP Reboreda e o CEIP Porto Cabeiro. Destacase a acollida do alumnado ao comenzo de curso, coa invitación das familias, asignación dos grupos e titorías. Pero será sobre todo durante o terceiro trimestre onde se farán varias actuacións cos centros adscritos, sobre todo co alumnado que ven novo ao instituto:
- Charlas informativas ao alumnado e familia no cambio de etapa.
- Reunión co equipo docente, especialistas en apoio e orientación de primaria co departamento de orientación do instituto.
- Xornadas de portas abertas, con charla sobre a organización e funcionamento do centro, e visita das instalacións.

Parte destas actuacións faranse extensibles a outros centros de educación infantil e primaria non adscritos da zona que teñan interese en coñecer o funcionamento do instituto.

9.d. Coordinación e colaboración cos centros de secundaria da zona

Os centros de secundaria da zona de Redondela son o IES San Simón e o IES Mendiño de titularidade pública, e o Colexio Vigo de titularidade privada concertada. Con estes centros hai coordinación e colaboración, sobre todo dende os departamentos de orientación. Outros centros, por proximidade e por recibir alumnado son o CPI Manuel Padín Truiteiro e o CPI Curros Enríquez.

Levaranse a cabo reunións de coordinación para falar de aqueles alumnos que poden vir ao noso centro para cursar estudos que non teñen os outros implantados, sobre todo de formación profesional. Faranse comunicación vía telefónica ou por correo electrónico para tratar temas xerais de organización e funcionamento.

9.e. Coordinación con outros organismos ou asociacións

Na zona de Redondela e con respecto a este centro hai coordinación con distintos organismos e asociacións que directa ou indirectamente favorecen a convivencia no centro educativo, desenvolvemento programas específicos ou intervindo en casos individuais segundo as necesidades que se presentan:

- Servizos Sociais do Concello de Redondela.
- Servizos de Saúde, unidade de psicoloxía
- Servizos de Seguridade, coa garda civil e a policía local
- Fundación ERGUETE
- Asociación de familiares e enfermos mentais LENDA
- Delegación de Cruz Roja en Redondela
- Equipo de Orientación Específico, da Administración Educativa, en Pontevedra

10. A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015 establece, no artigo 17, a necesidade de difusión do plan de convivencia. Será o equipo directivo quen leve a cabo as actuacións para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

E dende a Administración Educativa facilitarase a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

10.a. Campaña de difusión no centro

O contido íntegro do plan será dado a coñecer a todos os membros da comunidade educativa a través da páxina web do centro.

Os membros do Consello Escolar recibirán unha copia do documento nas direccións de correo electrónicos ou en formato papel.

Así mesmo, porase a disposición do profesorado as copias necesarias en soporte dixital e en formato papel na sala de profesores para que poidan ser consultadas en calquera momento.

As familias serán informadas por escrito da aprobación e relevancia do plan e dito texto estará a disposición das nais e pais que o soliciten. Poderán acceder tamén dende a páxina web do centro.

10.b. Difusión a nivel de aula

Dende a acción titorial traballaranse aqueles contidos do plan de convivencia que teñan relación máis directa co alumnado.

Centrarase no coñecemento das normas de convivencia e as formas de afrontar os conflitos de maneira pacífica. En todo momento traballarase a autoestima, a adquisición de habilidades sociais e a resolución de conflitos, a educación en valores e a participación do alumnado.

Dende as distintas materias traballaranse contidos transversais relacionados coa convivencia, no relativo as normas básicas de convivencia nas distintas clases, o respecto á igualdade e non discriminación. Haberá materias nas que se traballarán contidos específicos relacionados coa paz, a convivencia, a igualdade de xénero, a non discriminacións, pero será necesario ter en conta todos estes contidos de xeito interdisciplinar.

10.c. Difusión ás familias

As familias estarán informadas todo o relativo a convivencia, buscando en todo momento puntos de encontro e colaboración co centro, para mellorar a convivencia entre todos e todas.

Na páxina web do centro, terán acceso ao plan de convivencia do centro, terán especial coñecemento dos seus dereitos e deberes, das normas de organización e funcionamento en materia de convivencia.

E recibirán información sobre os seus fillos e fillas cando sexa necesario facer prevención ou intervir aspectos concretos relacionadas convivencia.

11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015, establece que corresponderalle ao equipo directivo elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

Tamén establécese que o Consello Escolar debe realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro. O claustro tamén debe participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

En concreto, no artigo 16 faise referencia aos procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia:

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia.
2. O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.
3. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.
4. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.
5. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.

11.a. Seguimento do plan de convivencia

O artigo 31 do decreto 8/2015, fai referencia ao seguimento e avaliación das actuacións referidas á mellora da convivencia nos centros educativos, indicando as seguintes:

1. A consellería competente en materia de educación promoverá e planificará, con carácter anual, as diferentes accións tendentes ao seguimento e á avaliación da convivencia nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos servizos territoriais da Inspección Educativa.
2. Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realicen as respectivas comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia, así como a memoria anual que elabore o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Así mesmo, a consellería competente en materia de educación poderá solicitar información de todos aqueles organismos, institucións e entidades que colaboren na mellora da convivencia escolar.

Neste plan o proceso de seguimento terá carácter trimestral e será a Comisión de Convivencia a que a levará a cabo en reunión ordinarias e/ou extraordinarias cando sexa preciso. Levantarase acta de cada reunión durante o curso escolar e elaborará a memoria ao final de curso do plan de convivencia, que formará parte da memoria xeral do centro.

11.b. Avaliación do plan de convivencia

A avaliación incluíra varios aspectos, a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación.

En canto á temporalización, haberá tres momentos a destacar: Unha avaliación previa ou inicial que tera carácter diagnóstica e nos permite deseñar un plan convivencia realista e adaptado as necesidades do centro. Esta avaliación inicial será supervisada cada curso. Unha avaliación de procesos, que será levado a cabo no seguimento da implementación do pla de convivencia. Terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver, dentro dun modelo de centro que vive a convivencia como algo global e inherente a súa organización e funcionamento. Unha avaliación final ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo esto tendo en conto a valoración e implicación dos participantes que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

Respecto aos criterios de avaliación permite analizar si se conseguiron os obxectivos e en que grao. Partirase sempre dos mesmos nos seguintes termos:

	CRITERIOS A AVALIAR	GRAOS		
		SI	NON	CASE
A nivel de centro	Revisaron os documentos oficiais de centro e deixaron constancia dos contidos específicos sobre convivencia.			
	Adecuaron a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro			
	Implicaron a toda a comunidade educativa en materia de convivencia			
	Informaron e comunicaron de todos os protocolos necesarios para un bo clima de centro e a resolución de conflitos			
	Proporcionaron unha formación permanente en temas relativos á convivencia			
A nivel de alumnado	Detectaron necesidades de carácter persoal que poden incidir na conduta para facer prevención ou intervencións inmediatas.			
	Previron e desenvolveron actuacións a nivel individual para a resolución pacífica de conflitos.			
	Realizaron intervencións a nivel grupal, dende as titorías para a resolución pacífica de conflitos			
	Formaron e preparaonr ao alumnado para formar un equipo de mediación e axuda ao alumando con máis necesidades de control condutal.			

A nivel de familias	Corresponsabilizaron ás familias na labor para una boa convivencia no centro.			
	Colaboraron con centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas de convivencia.			
	Informaron e aceptaron as normas de convivencia do noso centro dende as vías de comunicación disponibles.			
	Contaron cos canles de comunicar para tratar problemas de conduta no centro educativo, tendo en conta a representación no Consello Escolar.			
A nivel doutros axentes socioeducativos	Implicaron á Administración Educativa na toma de medidas educativas e correctoras do centro educativo coa formación técnica en temas de convivencia.			
	Tiveron en conta ós axentes dos EOE especializado como un nivel externo de orientación educativa, sobre todo co especialista en trastornos da conduta			
	Contaron coa colaboración doutras administracións: Familia, Traballo, Sanidade, entre outros			
	Contaron coa colaboración do Concello: sobre todo dos servizos sociais.			
	Valoraron a colaboración doutras asociacións sin ánimo de lucros relacionados con temas de convivencia: APEM, VIEIRO, entre outros.			

No relativo aos instrumentos de avaliación teranse en conta diversos tipos de recursos para valorar a convivencia, tanto cualitativos como cuantitativos. Cuestionarios, equisas, rexistros e todos aqueles documentos que poidan ser preciso ter en conta para a avaliación do plan.

11.c. Propostas de mellora do plan de convivencia

Para finalizar o plan de convivencia, feito o seu deseño, implementado, e avaliado, ao finalizar cada curso escolar a Comisión de Convivencia redactará unha memoria que permitirá establecer propostas no propio plan e de cara ós novos curso para a mellora da convivencia.

Centraremos, sobre todo, no nivel de implicación e participación dos distintos membros da comunidade educativa como dos axentes do entorno.

Revisaremos e estableceremos novos obxectivos a conseguir deseñando actuacións, medidas e programas que permitan a súa consecución, sempre atendendo as necesidades que vaian xurdindo no noso centro educativo.

PROPOSTAS DE MELLORA
Respecto do equipo directivo
Respecto da Comisión de Convivencia
Respecto dos obxectivos establecidos
Respecto da implicación e participación do profesorado
Respecto da implicación e participación da familia
Respecto da implicación e participación do alumnado
Respecto da implicación e participación do PAS
Respecto da implicación e participación doutros axentes socioeducativos
Respecto ás actuacións, programas e medidas
Respecto da difusión do plan
Respecto á implementación, seguimento e avaliación

Todo o plan debe estar dentro dun modelo de convivencia integrado e globalizado, que facilite e mellore o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas nuns principios e valores propiamente democráticos, onde participe toda a comunidade educativa.


ANEXOS

ANEXO I. INFORME DE CONVIVENCIA DO CURSO 2017-18	56
ANEXO II. PLANIFICACIÓN DO EQUIPO DE MEDIACIÓN DO CENTRO	57
ANEXO III. PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA	63
ANEXO III. 1. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	63
ANEXO III. 2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN	64
ANEXO III. 3. AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABALLO	65
ANEXO III. 4. COORDINACIÓN DO FUNCIONAMENTO DA AULA	66
ANEXO III. 5. COMUNICACIÓN AO XEFE DE ESTUDOS E/OU TITOR/A	67
ANEXO III. 6. COMUNICACIÓN Á FAMILIA.....	68
ANEXO III. 7. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO	69
ANEXO IV. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS DO CENTRO.....	70
ANEXO V. MODELO DE CONTRATO EDUCATIVO E DE CONVIVENCIA.	71

ANEXO I. RESUMO RESUMO DE INCIDENCIAS CURSO 2017-18

INFORME DE CONVIVENCIA

CURSO 2017/18. IES PEDRO FLORIANI



	Partes	Sanciones	Expedientes	
1er Trimestre	105	17	2	Os dous foron polo roubo dunha carteira
2do Trimestre	104	19	3	Os 3 foron por acoso e seguiu un procedemento de conciliación que finalizou con éxito
3er Trimestre	62	19	2	Un por reiteración de faltas leves e outro por acto de vandalismo contra as instalacións do centro e a honra de membros da comunidade educativa

ANEXO II. PLANIFICACIÓN DO EQUIPO DE MEDIACIÓN DO CENTRO

EQUIPO DE MEDIACIÓN



IES PEDRO FLORIANI -REDONDELA-

ÍNDICE

FASES DO PROCESO DE MEDIACIÓN

TÉCNICAS DE ESCOITA ACTIVA

AS “DOCE TÍPICAS”

ERROS COMÚNS DOS MEDIADORES

COMO ABORDAR SITUACIÓNS DIFÍCILES

FASES DO PROCESO DE MEDIACIÓN

FASES	OBXECTIVO	ACTUACIÓNS DO EQUIPO MEDIADOR
1. PREMEDIACIÓN	<i>Crear condicións que faciliten o acceso á mediación</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentacións. ▪ Falar coas partes por separado para que nos conten a súa versión. ▪ Explicarlles o proceso: regras e compromisos. A importancia da súa colaboración. ▪ Determinar si a mediación é apropiada para o caso, se as partes están dispostas, o espazo e tempo é favorable, ou se a elección dos mediadores polas partes é adecuada.
2. PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO	<i>Crear confianza no proceso</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentacións persoais. ▪ Explicar brevemente como vai a ser o proceso e o papel dos mediadores/as. ▪ Lembrar a importancia da confidencialidade e da súa colaboración. ▪ Aceptar unas normas básicas: non interromperse, non empregar linguaxe ofensiva, non descalificar ao outro. ▪ Ter previsto o espazo e tempo, papel para notas e coordinación entre mediadores.
3. CONTAME	<p><i>Expor a súa versión do conflito e expresar os seus sentimentos</i></p> <p><i>Desafogar e sentirse escoitados/as</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crear un ambiente positivo e controlar o intercambio de mensaxes. ▪ Xerar pensamento sobre o conflito. Obxectivos persoais, sentimentos propios e da outra parte. ▪ Explorar con preguntas e parafraseo o verdadeiro problema. ▪ Animar a que conten, se desafoguen, evitando sensación de interrogatorio. ▪ escoitar atentamente as preocupacións e sentimentos de cada parte, empregando técnicas como: mostrar interese, parafrasear, clarificar, etc. ▪ Non valorar, nin aconsellar, nin definir que é verdade ou mentira. ▪ Prestar atención tanto a aspectos de contido en sí do conflito como á relación entre as partes. Apoiar o diálogo entre as mesmas.

TÉCNICAS DE ESCOITA ACTIVA

TÉCNICAS	PROCEDEMENTO	Exemplos
Mostrar interese	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Non estar de acordo nin en desacordo. ✓ Empregar palabras neutrais. 	“Podes contarme máis sobre iso?”
Clarificar	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Preguntar. ✓ Pedir que aclaren o que non se entenda. 	“E ti, que fixeche nese momento?” “Dende cando ocorre iso?”
Parafrasear	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Repetir as ideas e feitos básicos. ✓ Demostrar que estamos comprendendo o que pasa 	“Entón para ti o problema é una tontería”. “O que me dis é que...”
Reflexar	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Reflexar os sentimentos do que fala. ✓ Axudar a que a outra persoa sexa consciente do que sinte. 	“Doeche que te acuse diso” “É frustrante que sempre te acuse non?”
Resumir	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Repetir os feitos e ideas principais ✓ Revisar o progreso da mediación 	“Entón, se non entendín mal molestoute que...”

“AS DOCE TÍPICAS”

Coñécese como “as doce típicas” aos doce tipos de respostas que empregamos a maioría das persoas cando queremos axudar a outra persoa para que nos conte un problema.

As doce	Explicación	Exemplos
Mandar, dirixir	Decir ao outro o que debe facer	“Tes que...” “Debes...”
Ameazar	Decir ao outro o que pode pasar se	“Se non fas isto entón...”

	non fai o que lle dicimos	"Mellor fai isto, do contrario..."
Sermonear	Aludir a una norma externa para dicir o que debe facer o outro	"Debes ser responsable" "Os homes non choran"
Dar leccións	Aludir á experiencia para dicir o que é bo ou malo para o outro	"A min iso non me pasaba"
Aconsellar	Decirlle ao/á outro/a o que é mellor para el/ela	"Deixa o instituto" "O mellor que podes facer é"
Consolar, animar	Decir ao outro que o que lle pasa é pouco importante	"Xa te pasará" "Non te preocupes"
Aprobar	Dar a razón ao outro	"Estou dacordo contigo"
Desaprobar	Quitar a razón ao outro	"O que dis é unha tontería"
Insultar	Desprezar ao outro polo que di/ fai	"Iso che pasa por tonto"
Interpretar	Decir ao outro o motivo oculto da súa actitude	"No fondo queres chamar a atención"
Interrogar	Sacar información ao outro	"Cando? Donde? Por que?"
Ironizar	Rirse do outro	"Sí claro, deixa o instituto, deixa a casa, e te vas a pedir limosna"

As doce típicas teñen en común que son un obstáculo para a comunicación, xa que non favorecen que a persoa que fala se sinta comprendida e, polo tanto, que conte o que lle ocorre. Todas inclúen un xuízo negativo (eu sei o que ti debes facer e ti non; o que te pasa non é importante) aínda que, por suposto, non sexa esa a nosa intención.

ERROS COMÚNS DOS MEDIADORES: O QUE NON SE DEBE FACER

A continuación presentamos un listado cos erros máis común que se cometen na mediación. Suelen ter relación coas “doce típicas”.

➤ **Facer demasiadas preguntas**

Non é fundamental ter máis información senón a máis importante. Hai que practicar a escoita activa e deixar que as partes se expresen, incluso respectando os silencios.

➤ **Preguntar demasiados “porqués”**

En lugar destes, podemos dicir: “cóntame máis acerca de...”

➤ **Discutir cunha das partes**

Non mostres disgusto nin te opoñas ao que diga unha das partes.

➤ **Emitir xuízos**

En lugar de, por exemplo, dicir: “ún de vos debe estar mentindo” podemos dicir: “tedes puntos de vista distintos sobre o que ocorreu”, ou on dicir: “iso osn tonterías”, senón “se iso vos interesa podemos tratalo noutro momento”

➤ **Dar consellos**

En lugar de expoñer nós, preguntarlles, “como vos gustaría que fora a vosa relación no fututo?”

➤ **Ameazar ás partes**

Lembrarlles que acordaron que intentarían resolvelo e animalos a continuar.

➤ **Forzar a reconciliación**

➤ **Impoñer a mediación**

COMO ABORDAR SITUACIÓNS DIFÍCILES

Como mediador/a terás que afrontar situacións difíciles ás que deberás dar resposta. A continuación sinalamos algunhas suxerencias para abordalas.

✚ **As partes non respectan as normas pactadas**

Non lles acuses nin regañes. Simplemente recórdalles o que se acordara ao inicio do proceso de mediación.

✚ **A comunicación está moi cortada**

Daste conta de que non avanza a mediación, aínda que non sabes moi ben porque. Recorre a sesións privadas para aclarar se hai intereses ocultos, para comprender a situación ou cando non estean disposto a colaborar.

✚ **Unha das partes está moi enfadada**

A mesma solución que para o punto anterior. Pide un descanso para que se calmen os ánimos. Parafrasea: “vexo que estás enfadado/a e que todavía estás ferido/a”.

✚ **Unha das partes di que estás sendo parcial**

Deixa que as partes expresen os seus sentimentos e as súas percepcións das cousas e pregúntalles: “que te fai pensar iso? Se a queixa persiste podes invitar a que continúe outro mediador.

✚ **Unha das partes di que non está a gusto**

Ou da esa impresión, ou non colabora ou se lle ve dubitativa. Podemos comentarlle sen presionar ou preguntar directamente, “se non estás cómodo/a poden intervir outros compañeiros/as mediadores/as” ou “si vos parece ben podemos manter una charla en privado ante de continuar”.

✚ **As partes non chegan a unha solución e piden consello**

Recordarlles que o voso papel é que eles mesmos/as cheguen a un acordo.

✚ **As partes non chegan a unha solución e a relación continúa rota**

Podemos propoñer un acordo de mínimos: “a pesar do problema teredes que seguir convivindo todos os días. O mellor sería acordar una maneira respetuosa e educada para manter unas mínimas normas de convivencia”.

✚ **Cuestionase a mediación como alternativa ao procedemento disciplinario**

Hai que lembrar as consecuencias para ambos se non chegan a un acordó. “Sempre será mellor resolver as cousas de mutuo acordo, que ter que chegar á xefatura de estudos”. “É moi importante que sexamos responsables dos nosos actos e nos comprometamos a resolver os nosos problemas”.

✚ **As partes deciden non seguir coa mediación**

O máis importante é que saiban que poden retomalo no momento en que se sintan preparados/as ou cando lles pareza oportuno. Terán a “porta aberta”.

Hai que felicitar polos esforzos feitos e a colaboración e facerlles saber que se respeta a súa decisión de non continuar.

ANEXO III. PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA**ANEXO III. 1. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

A **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de Convivencia e participación da comunidade educativa, establece no seu artigo 19.3, que se crearán nos centros aulas de convivencia inclusiva, *non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busque reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible*. Así o recolle tamén o **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

Desde un modelo de educación inclusiva, entendemos este aula como unha medida alternativa á expulsión e que ten como obxectivos prioritarios contribuír a:

- ✓ Reflexionar sobre a propia conduta.
- ✓ Responsabilizarse das propias accións.
- ✓ Desenvolver actitudes de cooperación, solidariedade e respecto.

A **aula de convivencia inclusiva** é un recurso do centro para facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do grupo-clase. Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ao/á adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio. Así tamén, o alumnado que polas repetidas condutas contrarias ás normas fora obxecto de privación temporal do dereito de asistencia a clase, pode ser atendido nesta aula, combinando os traballos propiamente curriculares e traballos de modificación de conduta.

Este aula será atendida en horario lectivo polo profesorado de garda ou algún membro do equipo directivo. Poderán ser enviado a esta aula o alumnado que:

- Teña unha conduta que impide o normal desenvolvemento das actividades lectivas (conduta disruptiva).
- Presente deficiencias na súa autoestima, autocontrol e/ou relacións persoais (comportamento antisocial).
- Sexa reincidente.
- Para o que a expulsión no favorecerá a corrección da conduta.

ANEXO III. 2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A aula de convivencia será atendida en horario lectivo polo profesorado de garda ou equipo directivo, contando co Departamento de orientación cando sexa necesario.

O alumnado que impida gravemente o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia.

Para tal fin, seguiranse os seguintes pasos:

1. O profesor/a de aula envía ao alumno/a e ao delegado/a xunto o/a Xefe/a de estudos ou outro membro do equipo directivo, que determinará se é preciso buscar ao profesor/a de garda para que acompañe ao alumno/a á aula de convivencia.
2. O profesor/a de aula cumprimenta o PARTE DE INCIDENCIAS (ANEXO 1) para informar ao xefe de estudos, e ao titor/a do grupo-clase nese mesmo día. O profesor/a de aula entrega tamén as tarefas que quere que o alumno/a desenvolva na aula de convivencia.
3. Na aula de convivencia o alumno/a cumprimentará unha ficha de reflexión e compromiso (ANEXO 3). Esta ficha quedará na propia aula, nun rexistro, que posteriormente revisará e arquivará a persoa responsable do departamento de orientación.
4. O alumno/a realizará unha tarefa relacionada coa mellora da convivencia e/ou as tarefas de clase.
5. O/A responsable da aula de convivencia (profesor/a de garda) cumprimenta a folla de rexistro e lle entrega ao alumno/a a ficha de reflexión, que deixará cuberta no seu lugar.

ANEXO III. 3. AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABALLO

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos feitos, deba ser obxecto dunha sanción disciplinaria, poderá cumprila na Aula de Convivencia Inclusiva, de acordo cos pasos seguintes:

1. A xefatura de estudos, unha vez escoitada á persoa titora e á orientadora, tomará decisión motivada do número de días e de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o/a alumno/a na aula.

2. A xefatura de estudos solicitará actividades formativas con material curricular e material relacionado coa mellora da convivencia. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumnado deberá realizar e entregarllas.

4. A xefatura de estudos comunicará a resolución a:

- Alumno/a e a súa familia, mediante unha entrevista persoal, ou por escrito, indicando os motivos, número de días e o número de horas, así como as distintas actividades formativas que realizará. Solicitarase colaboración familiar ou algún tipo de compromiso.
- Titor/a da aula, que informará ao equipo de profesores.
- Orientadora do centro.

5. Logo do período de expulsión na aula de convivencia, o material curricular remitirase ao profesorado correspondente. O material de reflexión de modificación de conduta recollerao a orientadora do centro.

6. Trimestralmente, a dirección do centro reunirá á comisión de convivencia para comunicarlle as derivacións á aula de convivencia.

ANEXO III. 4. COORDINACIÓN DO FUNCIONAMENTO DA AULA

O xefe de estudos terá as responsabilidades seguintes:

- ✓ Arquivar a incidencia do alumnado usuario da aula de convivencia.
- ✓ Redactar os informes mensuais ou trimestrais de información a comunidade educativa. Facer un seguimento do alumnado que pasa pola aula de convivencia.
- ✓ Convocar cantas reunións sexan necesarias para a correcta coordinación do profesorado que atende a aula.
- ✓ Informar ás familias do alumnado.
- ✓ Solicitar o material curricular e de reflexión preciso para a atención do alumnado durante os períodos de expulsión.

O profesorado de garda que atende a aula de convivencia terá as funcións seguintes:

- ✓ Axudar a reflexionar ao alumno/a que acode a aula.
- ✓ Axudar a cubrir a ficha de reflexión e o compromiso de mellora.
- ✓ Cando non sexa capaz de facer reflexionar ao alumno/a derivalo cara a outras instancias: Departamento de orientación. Xefaturas de estudos. Dirección.

O profesorado que expulsa terá que:


- ✓ Cubrir correctamente o parte de incidencias.
- ✓ Proporcionar o material curricular con prontitude, para o traballo do alumno durante o período de expulsión.

O profesorado-titor poderá intervir sobre o caso:


- ✓ Falando individualmente co alumno/a.
- ✓ Propoñendo unha entrevista titor-familia.
- ✓ Derivándoo ao departamento de orientación.
- ✓ Calquera outra que considere oportuna.

A orientadora será informada para aportar actividades de reflexión ou intervir nos casos nos que sexa necesario.

ANEXO III. 5. COMUNICACIÓN AO XEFE DE ESTUDOS E/OU TITOR/A



Instituto de Educación Secundaria "Pedro Floriani"
 I.E.S. - Redondela - C/Chas. Formatosivos
 Rúa Pedro Floriani nº 2
 36800 - Redondela (Pontevedra) - Tlfno: 886 120 413
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
www.ies.pedro.floriani.galicia.es



**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
 PEDRO FLORIANI
 R. E. D. O. N. D. E. L. A.**

FICHA DE ENVÍO Á AULA DE CONVIVENCIA

DATOS DO ALUMNO OU ALUMNA:
 Apellidos: _____ Nome: _____
 Curso e Grupo: _____

DATOS DO PROFESOR OU PROFESORA QUE O ENVÍA:
 Apellidos: _____ Nome: _____
 Materia: _____ Hora: _____
 Data: _____

MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA

Condutas disruptivas na aula
 (Faltas reiteradas na clase, faltas de puntualidade, andar polo corredor en horas de clase, levantarse sen permiso, abandonar a aula sen permiso, olvido do material, non facer nada, pasar da tarefa, facer preguntas para distraer, falar cos compañeiros, linguaxe ou xestos obscenos, comer lambetadas, mascar chicles, non recoller o material de uso colectivo, utilizar o móbil ou mp3 na aula, palasadas, ruidos molestos, etc.)

Falta de respecto ao profesorado
 (Comentarios vexatorios sobre a tarefa, non acatar as indicacións do profesor, non cumprir os castigos impostos, non entregar avisos na casa, asinar partes, facer falsos testemuños sobre o profesor, interromper as explicacións do profesor, ameazas ou conexións ó profesor, facer xestos sexosos, escarimo do profesor, burlas, alumes, imitacións, etc.)

Falta de respecto ós compañeiros
 (Non deixar participar ós compañeiros ou interrompelos, facer burlas, falar mal ou póriles alcumes ós compañeiros, intimidalos, comentarios despectivos, illar ou deixalos de lado, tirar obxectos entre compañeiros, obrigarlle a alguén a facer cousas en contra da súa vontade, eludir responsabilidades porque outros o fan, boar as culpas de algo.)

Uso inadecuado do material
 (Desordenar o mobiliario da clase, pintar nas mesas, encerrados ou parésdes, tirar obxectos ou chuspír polas ventás, destruccións do material, aula ou mobiliario, etc.)

Comportamento antisocial
 (Falsificar sinaturas ou documentos, saltar-lo muro, fregar-se do centro, mair coches, deteriorar o material ou o mobiliario de uso común, danos a propiedades persoais alieas, roubar, ameazar ou coaccionar a compañeiros ou profesores, pelear, agredir a compañeiros, abusos ou repuldas a compañeiros, dar lambetadas a compañeiros, molestias, escarimo, linar, levar a clase bebidas alcohólicas, consumir ou levar substancias empílicas, comportamento sexual inadecuado, etc.)

O alumno deberá facer o seguinte traballo na aula de convivencia:

Asdo.: _____

MODELO PARA COMUNICACIÓN DE INCUMPLIMENTO DAS NORMAS

MODELO PARA COMUNICACIÓN DE INCUMPLIMENTO DAS NORMAS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
 PEDRO FLORIANI
 R. E. D. O. N. D. E. L. A.**

www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
 Teléfono: 886 120 413 // 886 120 416



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
 PEDRO FLORIANI
 R. E. D. O. N. D. E. L. A.**

www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
 Teléfono: 886 120 413 // 886 120 416

D./Dª _____, profesor/a de _____,
 comunico que o/a alumno/a _____ do grupo _____,
 TITORÍA de D./Dª: _____, o día: ____/____/20 ____ ás _____ horas,
 incorreu nun incumplimento das normas de convivencia do centro, feito polo que procedo:

Detallar o(s) motivo(s) que orixinan a amoestación:

A informar por escrito da comisión dunha FALTA LEVE.
 A informar por escrito da comisión dunha FALTA GRAVE.

O/A alumno/a debe comparecer en xefatura: Si Non

FALTAS LEVES	FALTAS GRAVES
Interromper as clases reiteradamente	Reiteración de faltas leves
Faltas de respecto aos compañeiros	Agredir, insultar, insultar, ameazar ou humillar os seus compañeiros/as, profesores/as, persoal non docente ou calquera outro membro da comunidade educativa.
Non traer o material reiteradamente	Actos de discriminación graves
Non facer o que lle di o/a profesor/a	Actos escolares
Permanecer nos corredores ou nos baños nas horas de clase ou durante os recreos	Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade que constitúan indisciplina grave
Non manter a orde polo corredores nos cambios de clase	Substraccións de bens
Falta de colaboración nas actividades de aprendizaxe (actitude pasiva)	Substraccións de material docente, incluídos exames
Dixir-se de forma desconsiderada a calquera membro da comunidade educativa	A vulgación de personalidade en actos de vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos
Falta inustificada de asistencia	Falsificación de xustificantes dos pais/ais ou titores legais
Faltas inustificadas de puntualidade	O intento de intrusión nos arquivos informáticos ou plataformas dixitais de uso docente ou administrativos
Incumplimento das tarefas	Danos graves causados intencionadamente ou por uso indebido do material ou das instalacións
Persistencia en compostura incorrecta (Chicles, auriculares,...)	A manipulación non autorizada dos ordenadores do instituto, cambiando a súa configuración, borrando ou instalando programas, sen autorización previa da dirección.
Persistencia en indumentaria incorrecta (gorros, viseras,...)	Consumo ou disposición ó consumo de tabaco
Deterioro leve dos mobles, materiais ou instalacións, voluntarios ou por negligencia	Entrada, consumo ou disposición ó consumo de bebidas alcohólicas ou outras substancias que poidan alterar a conduta
A alteración leve da estética do instituto incluídas as pintadas, pegado de cartéis, pegatinas, etc... fóra dos lugares destinados a tal fin.	Ausistencia ao centro con calquera tipo de arma, incluídas navallas, punzóns ou calquera outro obxecto potencialmente perigoso.
Actos leves contra a hixiene no centro	A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
Actos leves contra a seguridade das persoas	Abandono do centro en horas lectivas sen autorización.
A permanencia inustificada de alumnos nos servizos de alumnas e viceversa.	Negarse a seguir as indicacións do profesorado amosando unha actitude negativa e provocadora tanto dentro como fóra da aula.
A non asistencia grupal ás clases sen causa xustificada ou non seguimento do procedemento disposto na lexislación vixente	O incumplimento das sancións impostas.
O abandono inustificado da aula durante as horas lectivas.	Alteración grave da orde no autobús
Asistir ás clases sen realizar aqueles tarefas, exercicios ou deberes que o profesorado propoñer.	Enganos en aspectos relativos a cumprimento das normas
Abandonar seu posto na aula reiteradamente sen permiso	Outra:
Alteración leve da orde no autobús	
Uso do teléfono móbil ou calquera dispositivo electrónico dentro do centro sen o permiso expreso do profesorado.	
Outra:	

Obxecto requisado:	RECOLLIDO POLO PAI/ NAI / TITOR LEGAL:	SINATURA:
Móbil	D/ Dª:	
Outro:	DATA:	

ENTERADO: O/A alumno/a asinará en presenza do/a profesor/a ou do/a titor/a ou de algún membro do equipo directivo:

MEDIDA CORRECTORA/SANCIÓN	
Apercibimento verbal	Suspensión do dereito de participar en actividades extraescolares ou complementarias durante ____ días
Apercibimento escrita	Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante ____ días
Privación de ____ recreos	Retirada do teléfono móbil ou dispositivo electrónico que queda custodiado por/en
Labores de limpeza/lixo	Apertura de expediente disciplinar
Labores de cooperación	
Permanencia no centro despois da xornada escolar	

NORMAS DE CONVIVENCIA

Tódas as comunicacións de incumplimento das normas deben ser feitas por escrito cubrindo un modelo como este e detallando as condutas sancionables entregando copia ao profesor/a titor/a e a xefatura de estudos, que levarán conta da reiteración das mesmas.

Redondela, a _____ de _____ de 20 ____
 O/A profesor/a _____

O/A profesor/a titor/a informará das sancións aos pais ou titores legais do alumnado menor de idade achegando copia das amonestacións por escrito.

Comunicación aos pais/titores legais:

Data:
Personalmente
Por teléfono
Por escrito
Telemáticamente

MEDIDA CORRECTORA ADOPTADA POR:

Director/a
Xefe/a de Estudos
Titor/a
Profesor/a

Asdo.: D / Dª _____

ANEXO III. 6. COMUNICACIÓN Á FAMILIA

Comunícolle que o mal comportamento do seu fillo/a _____, alumno/a do curso _____ impediu o normal desenvolvemento da clase e provocou a súa expulsión no día de hoxe na materia _____, co profesor/a _____. Polo que foi enviado á AULA DE CONVIVENCIA para realizar as actividades correspondentes. Confiamos na súa colaboración para que non volva repetirse unha situación semellante, xa que de repetirse un comportamento contrario ás normas de convivencia, tomaranse as medidas oportunas.

FEITO ACONTECIDO:

Redondela, a ___ de _____ de 201 ____

Asdo. O Xefe de estudos

Resgardo para ser devolto á/ao titor/a.

Pai/nai: _____ con DNI _____
do alumno/a _____ do
curso _____ quedo enterado/a do comportamento inadecuado do meu fillo/a e
procuraremos que non volva repetirse.

Redondela, a ___ de _____ de 201 ____

Asinado pai/nai/titor/a legal

ANEXO III. 7. FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO

Nome: _____ grupo: _____

Data: _____ Profesor/a que envía ao alumno/a: _____

1º.- Relata que che aconteceu na aula para que o profesor/a te enviara á aula de convivencia. Por que pensas que estás aquí?

2º.- Como te sentiches cando o profesor/a che dixo que tiñas que vir aquí?

3º.-Quen pensas que se sentiu afectado polo teu comportamento?

4º.- Como cres que se sentiu a persoa ou persoas afectadas?

5º.- Intenta porte na situación do profesor/a. Que farías se alguén se comportase coma ti hoxe?

6º.- Como podes facer para resolver este problema? Escribe a que te comprometes.

7.- Como te sentes agora?

Asinado:

ANEXO IV. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS DO CENTRO



IES PEDRO FLORIANI
-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN-
Rúa Pedro Floriani nº 2. 36800
Redondela (Pontevedra)
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
Tel. 886 120 413



HABILIDADES SOCIAIS – CUESTIONARIO PERSOAL

(Traballando a empatía)

NOME e APELIDOS:

CURSO:

Por favor, responde con sinceridade ás seguintes preguntas:

Como te sintes despois do que ocorreu?

.....
.....

Como te sintes coa sanción imposta (un mes expulsado)?

.....
.....

Tes irmáns? De que idades? Como te sentirías si alguén lles fixera o que fixeches ti a outro alumno?

.....
.....

Recoñeces que o que fixeches estivo mal? Explicao.

.....
.....

Pediches desculpas á persoa afectada? Se non é así, pensas facelo?

.....
.....

Podes deixar por escrito o que consideres importante aquí:

.....
.....
.....
.....

ANEXO V. MODELO DE CONTRATO EDUCATIVO E DE CONVIVENCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



galicia

www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
Teléfonos: 886 120 413 // 886 120 416

CONTRATO EDUCATIVO E DE CONVIVENCIA

Coa Alumno/a: _____

e a súa Familia

Data: ____/____/____

O PRESENTE COMPROMISO EDUCATIVO REALÍZASE BAIXO O SEGUINTE MARCO NORMATIVO

1. DECRETO 86/2015, DO 25 DE XUÑO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. (DOG DO 29 DE XUÑO DE 2015)

Artigo 6. Participación de pais, nais e titores/as legais no proceso educativo

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou os/as titores/as legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. **OS CENTROS DOCENTES PROMOVERÁN COMPROMISOS COAS FAMILIAS E CO PROPIO ALUMNADO**, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

2. Procedemento corrector incoado con data de _____

QUE É UN CONTRATO EDUCATIVO?

Un contrato é un acordo entre dúas persoas para actuar ou traballar dunha forma determinada, e así conseguir algo que ás dúas persoas lles interesa. Concretamente, con este compromiso o que se busca é crear un documento que che compromete a ti e á túa familia, e ao teu instituto a:

- Traballar e actuar nas condicións do contrato que veñen na seguinte páxina.
- Facilitarche a axuda que necesites.

Por que é útil?

- Porque así ti sabes o que o instituto espera de ti e ti sabes o que podes esperar do instituto.
- Porque se sabemos o que esperas e necesitas, o proceso educativo pódese axustar máis a ti.
- Porque o compromiso, en forma de contrato, obrígache a unhas condicións que hai que cumprir.

Que condicións ten que ter para que sexa efectivo?

- Antes de asinalo, debes lelo ben e preguntar todas as dúbidas que podes ter. Pensa ben se podes comprometerche ao que queda por escrito.

COMPROMISO PEDAGÓXICO: EN FORMA DE CONTRATO

○ **COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLA ALUMNA**

A/O alumna/o: _____, co obxectivo de mellorar o seu rendemento e a actitude no centro, contribuíndo á mellora da convivencia escolar, **comprométese a:**

1. Asistir puntual e asiduamente ás clases.
2. Non insultar, inxuriar, humillar aos seus compañeiros/as e demais membros da comunidade educativa.
3. Manter unha actitude positiva, dialogante e comunicativa cos seus compañeiros/as
4. Aproveitar as clases e realizar diariamente as tarefas.
5. Aceptar de bo grado a axuda e as indicacións.
6. En definitiva, cumprir as normas de convivencia do centro

○ **COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLA FAMILIA**

A nai/ O pai de _____, co obxectivo de mellorar o rendemento da súa filla e a actitude no centro, contribuíndo á mellora da convivencia escolar, **comprométese a:**

1. Fomentar o respecto por todos os membros da comunidade educativa
2. Xustificar debidamente as faltas dos seus fillos/ as.
3. Proporcionar na medida das súas posibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar: descanso, alimentación adecuada, apoio educativo, etc.
4. Asistir polo menos unha vez ao trimestre ao Centro, para entrevistarse co titor da súa filla.

○ **COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO CENTRO**

O IES PEDRO FLORIANI, co obxectivo de mellorar o rendemento da alumna e a súa actitude no centro, contribuíndo á mellora da convivencia escolar, **comprométese a:**

1. Seguimento dos cambios que se produzan no seu rendemento académico e actitudinal e información á familia cando sexa oportuno.
2. Dar ao alumna unha atención personalizada segundo as súas necesidades: reforzos educativos, apoio da mestra de PT, atención personalizada no Departamento de Orientación,... no caso de considerarse necesario.
3. Entrevistarse cos pais do alumno/a ao longo do trimestre.

SEGUIMIENTO

Haberá un seguimento do cumprimento deste contrato en reunións regulares do departamento de orientación e xefatura de estudos co titor da alumna e co resto do equipo docente nas xuntas de avaliación.

INCUMPRIMENTO DESTE CONTRATO

No caso de incumprimento deste contrato por parte da alumna reiniciarse o procedemento corrector incoado con data de _____.

O compromiso subscrito neste CONTRATO, favorecerá a consecución dos seguintes

OBXECTIVOS:

- Mellorar o comportamento e a actitude.
- Mellorar a convivencia no grupo
- Mellorar a integración no centro.
- Mellorar os resultados escolares.

Asinamos o presente **CONTRATO** sendo coñecedores e acatando todas as condicións e obrigacións que nel se subscriben.

En Redondela a ____ de _____ de _____

ALUMNO/A

**REPRESENTANTE
LEGAL**

DIRECTORA

XEFE DE ESTUDOS

Asdo:

Asdo:

Asdo:

Asdo: